

FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE DE PARQUES EÓLICOS

no DOG e CAMBIOS NO REG

(Publicados no Facebook da REDE GALEGA STOP EÓLICOS)



"Seguramente non están todos os que son, e probablemente algún dos que están..."

Sen intención de exhaustividade e sen dogmatismos... Co único ánimo de poñer en común posibles casos de "FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE" recolleemos neste documento o resultado dos derradeiros seis meses de seguimento que desde a Rede Galega STOP EÓLICOS vimos facendo das distintas "Fontes Oficiais": BOE, DOG, REG, CMATV...

DATA	PARQUES EÓLICOS	COMENTARIO
09/03/22 DOG	- PE MONTE NEME	<p>PE MONTE NEME (Carballo e Malpica) - 16 MW (4 aerox. de 6MW pero "limitados" a 4 MW) - 115 m de poste e 170m de diámetro (pas de 83m) - Altura total 200m</p> <p>No Mapa REG (2010-2021) este parque eólico levaba 8 aeroxeradores de 80m de diámetro (pas de 38,5m) Aparentemente é un PE "completo", cos seus catro sobredimensionados aeroxeradores de 6MW limitados a 4MW</p> <p>"A EVACUACIÓN da enerxía eléctrica... desde a subestación Monte Neme ata a subestación Cabana... SERÁ OBXECTO DOUTRO PROXECTO INDEPENDENTE"</p> <p>A subestación de Cabana estaría a uns 15 quilómetros, noutro concello, noutra ADE... e compartida co PE CORME (Repotenciación). E, pola pinta, compartida con algún outro parque eólico.</p> <p>Isto xa é de "1º de FRAGMENTACIÓN". Non se cortan! HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>

<p>18/02/22 REG</p>	<p>- PE COTORROSO (Guntín) - PE PICATO (Lugo)</p>	<p>"MILAGROSA REAPARICIÓN" E seguimos con máis trampas! PE PICATO-COTORROSO (Lugo, Guntín e Friol) - No MAPA REG 2019, e tamén no MAPA da RGSE xa aparecía o PE PICATO-COTORROSO con 7 aeroxeradores de 90m de diámetro. - Este parque "desapareceu" do MAPA REG desde o 30/09/2021. - O DOG 21/12/2021 publicou o proxecto PE PICATO (13 aerox de 136m de diámetro). Naquel momento denunciámos a abusiva poligonal que coincidía exactamente coa ADE. - No varrido de hoxe, 18/02/2022, detectamos a "milagrosa reaparición", na mesma poligonal, do PE PICATO-COTORROSO. - Da comparación destes dous "momentos" do MAPA REG destaca a "desaparición" da subestación do PE PICATO.</p>
<p>16/02/22 DOG</p>	<p>- MONTE DO OUTEIRO - ALBORÍN 30/09/21 - TURUBELO - PESCOSE - CARBALLEDA - MONTE FESTEIROS Festa rachada no DEZA!</p>	<p>E non habería por aí algo de "FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA"? Digo eu... Como mínimo poderíamos falar de "moi alta densidade" A ver que moto nos queren vender agora... Ou non? HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>
<p>16/02/22 DOG</p>	<p>- AS PENIZAS 13/03/20 - ESTIVADA 19/10/21 - PICO SECO 07/12/21 - Serra d FARELO 11/11/21 - VALDEPEREIRA 07/12/21</p>	<p>Igual hai algo que estamos a facer ben... Igual paga a pena o traballo feito! Parabéns á Rede Galega STOP Eólicos! HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>
<p>15/02/22 CMATV</p>	<p>- PE DOS COTOS (Cerdedo)</p>	<p>Outra máis de "TIRAVENTOS, S.L" ("ECOENER") PE DOS COTOS (Cerdedo-Cotobade) Publicado no DOG 23/12/2021 E hoxe, 15/02/2022, como se fose outra "cousa distinta", publican na WEB da CMATV (Consellería de Medio Ambiente) o proxecto de conexión (LAT 66kv) do PE DOS COTOS coa Subestación de Pontesampaio. 16,1km Un proxecto de 16,1 km que afecta directamente a varios concellos e atravesará diferentes ADE,s (Áreas de Desenvolvemento Eólico) "resólvese" cunha AIA (Avaliación de Impacto Ambiental) "simplificada"? Serán certamente proxectos independentes? Ou será un novo -e evidente- caso de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA? Xulgade vós mesmos/-as</p>

09/02/22 DOG	- PE A LAGOA I (Sta Comba)	<p>Novo caso de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA? NON TEÑEN PARADA! (nin parada nin vergoña!) - Segundo os datos publicados no DOG de hoxe este "novo" PE A LAGOA I leva 4 aerogeradores de 6MW pero "limitados" a 4,05MW para un total de 16,2MW E digo eu... Se o máximo é de 16,2MW e as máquinas son de 6MW "limitadas" a 4,05MW (4x4,05=16,2)... Por que razón non instalan 3 máquinas desas de 6MW "limitadas" a 5,4MW cada unha (3x5,4=16,2)? Non será que nos toman por parvos/-as? - Poste 115m. Diámetro 170m (pas de 83m) TOTAL: 200m - O PE LAGOA I coñecido a partir do Mapa REG de 2019 (datos trasladados ao mapa da RGSE sobre a Invasión Eólica de Galicia) tiña 9 aerogeradores de 90m de diámetro (pas de 43,5m) - O "novo" PE A LAGOA I compartirá subestación co PE A LAGOA II (Xa estamos con estruturas compartidas en proxectos diferentes: FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA) - O "vello" PE A LAGOA II tiña 10 aerogeradores de 90m de diámetro (pas de 43,5m). Agora ten 7 máquinas de 112m de poste e 136m de diámetro (pas de 66m). Os dous "A LAGOA" evacuarán conxuntamente a súa produción á "Subestación colectora" de LAGOA (IB407A 2016/3040) situada no concello de Dumbría. (Aí ao ladiño, vamos! E varias ADE,s máis alá!) E todo isto é moi normal (moi axustado á norma...) A "norma" é FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA!</p>
03/02/22	- P.E.,s SERRA DA GROBA	<p>"PAISAXE EÓLICA" NA SERRA DA GROBA (Actualización 03.02.2022) A partir de "fontes solventes" (algún día contaremos detalles sobre isto) consultadas na tardiña de onte mércores, 2 de febreiro, estamos en disposición de publicar esta nova versión da "Paisaxe eólica" que nos teñen preparada para a Serra da Groba. Pódese repetir máis veces... Pódese dicir máis alto... Pero non se pode explicar máis claro! FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA na "zona norte" (PE,s Albariño I, Toroña e Torroña I) e tamén na "zona sur" (PE,s Merendón e Rosal)</p>
28/01/22	- P.E,s na SERRA DA GROBA	<p>O IEM promove unha campaña "online" dirixida á UE para opoñerse aos parques eólicos da Serra da Groba. https://iem.gal/.../o-iem-promove-unha-campana-online.../...</p>

<p>27/01/22 DOG</p>	<p>- PE MARCOFÁN (Irixo, Boborás, Beariz)</p>	<p>PE MARCOFÁN 39,2 MW (Irixo, Beariz e Boborás) 7 aerox. de 5,6 MW. Poste 119, diámetro 162m (pas de 79m) Altura total: 200m</p> <ul style="list-style-type: none"> - No MAPA REG 2019 non aparecía un PE MARCOFAN - En 2019 coñecíase na zona un PE MARCOFÁN tramitado pola Xunta con DOUS aeroxeradores de 136m de diámetro (pas de 66,5m) - En 2019 coñecíase outro PE MARCOFÁN tramitado polo MITECO cun total de 52,8MW - No Mapa REG aparece, o 5 de outubro de 2021, un PE MARCOFÁN con ONCE aerox. (diferente ao que aparece hoxe no DOG : SETE aerox.) - O EIA publicado no DOG de hoxe, 27/01/22, ten data de XULLO DE 2021! Neste EIA aparece o PE MARCOFAN con SETE aerox - A Declaración de "Proxecto de Interese Autonómico" é de xullo de 2021! É de "Interese Autonómico" pero o prazo son 30 DIAS. -O PE MARCOFAN publicado no DOG de hoxe NON É o que estaba publicado no Mapa REG no momento no que se aprobaron o EIA e máis a Declaración de Interese Autonómico. - A liña de evacuación LSAT a 30 kV... con orixe no CSM do PE Marcofán e fin en arqueta receptora na subestación colectora Paraño (OBXECTO DOUTRO EXPEDIENTE) !!!
<p>21/01/22</p>	<p>- PE TOROÑA - PE TORROÑA I - PE ALBARIÑO I (Serra da Groba)</p>	<p>MÁIS CAMBIOS NO REG: PRIMICIA! O "máis novo" PE TOROÑA! (versión 3.0) Revisando hoxe o REG -é algo que ultimamente non facemos a diario pero si unha vez por semana- atopamos "modificacións substanciais no proxecto PE TOROÑA. Hoxe, 18 de xaneiro de 2022, no Mapa REG:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aparecen dous novos aeroxeradores en Baíña, e moven o T1 hacia o oeste. Agora Baíña (BAIONA) leva tres aeroxeradores. Belesar (BAIONA) ningún. - Xa non leva aquel solitario "T2" en Mougás (OIA). Mougás xa non leva aeroxeradores deste parque. - Xa non leva dous aeroxeradores nas canteiras de Burgueira (OIA). Agora vai so un en Burgueira. - O aeroxerador número 5 do "máis novo" PE Toroña xa non está en Loureza (OIA). Agora está en Santa María (TOMIÑO). - O aeroxerador número 10 do "máis novo" PE Toroña xa non está en Loureza (OIA). Agora está en Goián (TOMIÑO). - Desaparece a subestación do "novo" PE Toroña (Confirma o que anunciaba o "Albariño I" compartindo subestación en Barrantes co PE Albariño I e co PE Torroña I) <p>Seguiremos á espreita e moi pendentes da publicación deste proxecto no DOG.</p>

<p>10/01/22 DOG</p>	<p>- PE MONTE FESTEIROS (Silleda e Forcarei)</p>	<p>Proxecto Parque Eólico MONTE FESTEIROS (Silleda e Forcarei) 48 MW 10 aerox VESTAS V136 - V150 entre 4,2 e 5,6 MW Postes entre 82 e 125m. Pas de 66,66 ou 73,66 Altura total entre 150 e 200m INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA! PRAZO 15 DÍAS! TRAMITACIÓN DE URXENCIA: REDUCCIÓN DOS PRAZOS! Este proxecto aparecía no Mapa REG 2019 cunha configuración de 24 aeroxeradores de 2MW (48MW en total) cun diámetro de rotor de 80m (pas de 38,5m) Agora aparece nunha nova versión actualizada de 10 aeroxeradores de potencias variables: 4 de 4,2 MW e 6 e 5,6 MW pero, para coincidir co vello proxecto en potencia total (48MW), dúas das máquinas de 4,2MW aparecen limitadas a 3MW. E quen vai controlar esa "limitación"? Atención á documentación. Seguramente nos contarán que é paisaxística e medioambientalmente preferible a instalación de 10 máquinas e non 24! Explicarán, coa cara dura habitual, que non habendo cambios na potencia total do parque (48MW) as modificacións propostas son "NON SUBSTANCIAIS" e pretenderán que o proxecto agora exposto ao público é "continuación natural" do anunciado anos atrás...Nada novo! É a práctica habitual das empresas e, non o esquezamos, coa necesaria complicidade da Xunta de Galicia. Xulgade vós mesmos!</p>
<p>18/01/22 REG</p>	<p>- PE MISTRAL - PE TRAMONTANA - LAT DO LAROUCO</p>	<p>Nunha nova actualización do mapa eólico oficial, aparecen desprazados cara o leste, só 48 horas despois de rematar o prazo de alegacións contra a LAT do Larouco, infraestrutura en cuestión pola presión veciñal. A plataforma STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA advirte que empresas "pantalla", coa complicidade da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza, están a introducir cambios en proxectos de instalación de centrais eólicas que permanecen agochados á cidadanía galega nunha área como a de Baltar/O Larouco onde existe alarma social debido as ameazas da invasión eólica en curso. A plataforma STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA alerta de que só 48 horas despois de se pechar o prazo de alegacións á LAT do Larouco e de que a corporación enerxética Iberdrola anunciase que se sentará nunha mesa coas veciñas e veciños do concello de Baltar para falar sobre o tendido en tramitación que ameaza a serra e os seus usos e valores, no Rexistro Eólico de Galiza apareceron MODIFICADAS as localizacións dos proxectos de centrais eólicas MISTRAL e TRAMONTANA que até ese día figuraban superpostos ao P.E. San Martiño, na Boullosa, tamén en fase de información pública.</p>
<p>10/01/22 DOG</p>	<p>- LAT,S BEARIZ</p>	<p>VALDEPEREIRA, PARAÑO, SERRA DO FARO, A ESTIVADA... "CONEXIÓNS BEARIZ" (400kV)(Ensarillado de LAT,s)</p>
<p>28/12/22 DOG</p>	<p>- PE BRAÑA ANCHA (Sta. Comba e Coristanco)</p>	<p>E non é Inocentada! Segue sendo FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA! "... desde a SET do parque proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) de 66kV ata a subestación do parque eólico Campelo..." "Desde a subestación de Campelo proxéctase a LAT 220kV Campelo-Mesón do Vento que conectará coa subestación colectora Mesón do Vento. Mediante unha LAT 220kV conectarase esta subestación coa subestación Mesón do Vento..." "...Todas estas infraestruturas... non forman parte do presente proxecto" Compartindo infraestruturas fundamentais coma se non pasase nada! Aí queda iso!</p>

23/12/22	- PE MERENDÓN (Serra da Groba)	PUBLICADO NO FARO DE VIGO! (22/12/2021) PUBLICADO NA WEB DO CONCELLO DE OIA! (22/12/2021) PUBLICADO NO DOG DO 23/12/2021 Procedemento de URXENCIA: PRAZO 15 DÍAS! Novo xeito de publicación! NOVAS TRAMPAS NESTE XOGO DE TRILEIROS! NOVEDOSA MODALIDADE DE FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE! PARQUE EÓLICO DO MERENDÓN (Concellos de Oia e O Rosal, na Serra da Groba) 5 aeroxeradores de 4,2MW Postes de 112m. diámetro 136m (Pas de 66m) Altura total: 180m Superpón a súa poligonal á do PE ROSAL. Este PE presenta dous novos conceptos de subestación: "Subestación de Manobra" e "Subestación Elevadora" .
21/12/21 03/03/10 DOG	- PE PICATO (Guntín e Lugo)	E tamén no DOG de hoxe (21/12/2021) Seguimos coa "PANDEMIA EÓLICA". O do "VIRUS EÓLICO" non é de broma! PE PICATO (Guntín e Lugo) 13 aerox de 3,2MW (41,6MW) Total 136m de diámetro (pas de 66m) e 82m de poste. Altura total 150m No REG 2019 (ata 30/09/2021 figuraban 21 aerox de 2MW) LAT 132kV de evacuación á SET PE Picato-SE Eirexe, Portomarín, a 14 km! (exp. IN407A 2018/2-0) DOG 16/06/21 Inicialmente prevista a Chantada, a 45 km! (SE colectora Penachas 220kV, en Chantada DOG 03/05/18 e 29/05/18) compartida polos PE,s Picato (42MW), Picato-Cotorroso (14MW) e San Cristovo (30MW). Total 86MW! O PE Picato-Cotorroso "desaparecera" do REG o 30/09/21 para "reaparecer milagrosamente" o 18/02. Milagre!
20/12/21 DOG	- PE GRAIADE (Ampliación) (Porto do Son)	PE Ampliación GRAIADE (6MW) Concello do Porto do Son 2 aeroxeradores de 3MW Poste 82m, diámetro 136m (pas de 66m) Altura total 150m. Evacuará a Subestación TAMBRE.
17/12/21 DOG	- PE ALTO DA TELLEIRA (A Caniza / O Covelo)	Concellos de A Cañiza e O Covelo 48MW, 9 aeroxeradores de 4,8 e 5,6 MW Comparte estruturas fundamentais: FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE! : Conectado coa subestación de Fontefría TRAMITACIÓN DE URXENCIA: 15 DÍAS!
17/12/21 DOG	- PE PENA DA CABRA (Toques e Sobrado)	PE A PENA DA CABRA Concellos de Toques e Sobrado 25,2 MW, 6 aeroxeradores de 4,2MW COMPORTE SUBESTACIÓN CO PE FRIOL!
17/12/21 DOG	- PE O SOBREDÓ (Arbo)	Comparte estruturas fundamentais co PE MONTOUTO 2000
17/12/21 DOG	- PE CAMPELO (Coristanco e Sta. Comba)	"Nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións" Claro que poden existir parques próximos, do mesmo ou diferentes promotores, conectados entre si e compartindo estruturas. Iso non se discute! A cuestión é que, cando sexa así, deben ser tramitados conxuntamente, como un único parque, baixo o mesmo IIA. E non fragmentado en pequenos anacos. De verdade que é tan difícil de comprender?

07/12/21 DOG	- PE VALDEPEREIRA - PE PICO SECO (Lalín e O Irixo)	<p>Máis Parques Eólicos no DOG! (agora "en parella") E nova modalidade de FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE</p> <p>- PE VALDEPEREIRA (24MW) - PE PICO SECO (27MW) Os dous nos concellos de Lalín (PO) e O Irixo (OU)</p> <p>Proxectos de Interese Autonómico: "Tramitación exprés" 15 DÍAS !</p> <p>PARA AFORRAR TRÁMITES XA ADVIRTEN QUE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL É COMÚN PARA OS DOUS!</p> <p>Xa non lles abonda con compartir estruturas básicas, superpoñer poligonais, solapar aeroxeradores... Esta modalidade, consistente en COMPARTIR ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL, é absoluta novidade!</p> <p>Sumando os 24MW do PE Valdepereira cos 27 MW do PE PICO SECO chegamos a 51 MW!. Esta "parelliña" debería ser tramitada como un único proxecto e, como supera os 50MW, polo goberno central!</p> <p>Estes dous proxectos presentan configuracións diferentes ás que aparecían no Mapa REG de 2019: Antes tiñan 112m de diámetro (pas de 54,5m) e agora teñen 150m de diámetro (pas de 73m)</p> <p>E cambian tamén o número de máquinas (de 8 a 6 o PE Valdepereira e de 9 a 7 o PE Pico Seco) e algunhas das ubicacións.</p>
11/11/21 DOG	- PE SERRA DO FARELO (Antas de Ulla e Agolada)	<p>PE SERRA DO FARELO (13MW) (Agolada e Antas de Ulla)</p> <p>- 5 aeroxeradores:</p> <p>2 de 4,2MW (105m de poste e 150m de diámetro. Pas de 73,5m. Altura total 180m)</p> <p>2 de 3,3 MW (112m de poste e 136 de diámetro. Pas de 66,5m. Altura total 180m)</p> <p>1 de 3 MW (112m de poste e 136 de diámetro. Pas de 66,5m. Altura total 180m)</p> <p>Calquera que bote un vistazo ás publicacións oficiais podería pensar nun "complexo, denso e enmarañado entorno eólico" que compriría estudar con calma...</p> <p>PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA PARA ALEGACIÓNS: 15 DÍAS!</p> <p>Aquí hai gato encerrado!</p> <p>Nesta zona xa foi publicado, no DOG do pasado 19 de outubro, o PE ESTIVADA...</p>
09/11/21 DOG	- PE CAMPOS VELLOSO (Boborás e Beariz)	<p>Novo caso de Fragmentación Fraudulenta? PE CAMPOS VELLOSO (Boborás e Beariz)</p> <p>6 aeroxeradores de 5 MW. Poste 102,5m diámetro 145 (pas de 71m) altura total 175m</p> <p>No mapa REG 2019 eran 7 aeroxeradores de 136m de diámetro (pas de 66,5m)</p> <p>Este parque fala de Centro de Seccionamento e Control (??) aportando unicamente a súa coordenada e anunciando rede eléctrica soterrada de interconexión entre a CSC e a "subestación colectora".</p> <p>Polo que se ve, CSC e subestación son cousas distintas.</p> <p>O feito de chamalle "Subestación colectora" sa suxire que chegará a ela a produción de diferentes puntos e/ou parques... É a práctica habitual.</p>
29/10/21 DOG	- PE FIGUEIRAS (O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo)	<p>MÁIS FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE!</p> <p>Hai alguén que leve a conta dos casos de fragmentación fraudulenta?</p> <p>No seu deseño e configuración non aparece a subestación! (Isto xa dá boas pistas)</p> <p>Non a precisa. O PE FIGUEIRAS arrodea á subestación do "xeneroso colega" o PE AIRAS!</p> <p>PE FIGUEIRAS (22,5MW) 5 aerox de 4,5MW. Poste 148m diámetro 163m pas de 79,5m</p>

27/10/21 DOG	- PE ALBARIÑO I (Serra da Groba)	<p>Parque eólico ALBARIÑO I (25,28MW) Na Serra da Groba, no Val de Miñor e no Baixo Miño (concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar) Trámite de urxencia: 15 días hábiles (remata o prazo o 18 de novembro) https://www.xunta.gal/.../AnuncioG0596-300921-0001_gl.html https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica Amplio catálogo de irregularidades e ilegalidades neste parque: . Publica hoxe o DOG (27/10/2021) un Documento de Impacto Ambiental FRAUDULENTO que pretende xustificar a elección da "Alternativa A" con SEIS aeroxeradores de 4,5MW e 198m de altura fronte á "Alternativa B" con 11 aeroxeradores "de xoguete" (2,3MW e 100m de altura total). . O Parque eólico Albariño I comparte subestación cos PE.s TOROÑA e TORROÑA I (FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTO) . Hai SUPERPOSICIÓN DE POLIGONAIS (PE,s ALBARIÑO I, TOROÑA e TORROÑA I) . Hai SOLAPAMENTO entre aeroxeradores de PE,s diferentes (PE ALBARIÑO I e PE TOROÑA) "TRANSPARENCIA", SEI QUE LLE CHAMAN A ISTO! E hai moitas máis incorreccións, irregularidades e ilegalidades que iremos anunciando. NON PODEMOS CONSENTILO! A GROBA CHAMA POR NÓS! HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>
27/10/21	- PE A PICOTA (Mazaricos)	<p>Parque eólico A PICOTA (42MW) , no concello de Mazaricos. 10 aeroxeradores de 4,2MW. 8 postes de 112m e 2 postes de 82m; diámetro 136m (pas de 66,5m) E seguen as sospeitas -evidencias- de irregularidade: Solapamento de aeroxeradores de parques diferentes Superposición de poligonais (será difícil explicar o ensarillado de poligonais dos PE,s A Picota, A Picota II, Serra de Outes Fase I, San Cosmeiro, Alvite e Alvite II) "Presunta" pero non por iso pouco habitual Fragmentación Fraudulenta (A Picota I, A Picota II, San Cosmeiro...) Haberá que facelo constar nas alegacións que se presenten. Que nolo expliquen para que o entendamos!</p>
25/10/21	- PE SAN MARTIÑO (Baltar)	<p>Novo caso de BURLA DE LEI por FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTO? Hoxe no DOG: Parque eólico SAN MARTIÑO (Baltar) 4 aerox. de 4,5MW (Total 18MW) de 180m de altura total (poste 107,5m, diámetro 145m e pas de 71m) Superpoñendo poligonais e mesturando elementos co PE MISTRAL que evacuará conxuntamente co PE TRAMONTANA... Reparade na "comparativa" entre os Mapas REG (Rexistro Eólico de Galicia) anterior e posterior aos cambios do pasado 30 de setembro. Son pequenas "MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS" Todo moi "natural"!</p>

<p>22/10/21</p>	<p>- PE CANEDO (Alfoz e Mondoñedo) - PE AIRAS -PE FIGUEIRAS</p>	<p>NOVO CASO FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE! PE,s CANEDO, AIRAS, FIGUEIRAS... Seguindo o fío... Se non fose tan brutal e tan serio sería mesmo divertido! Preséntase no DOG de hoxe, 22/10/2021 o PE CANEDO, promovido por "GALFOR EÓLICA, S.L." afectando ós concellos de Alfoz e Mondoñedo con tres aeroxeradores NORDEX 163 de 4,5MW de 148m de poste e 163m de diámetro (Pas de 79,5m) para un total de 229,5m. Xigantescos! Pero chama moito a atención que neste proxecto non se defina subestación e se anuncie, con absoluto descaro, que conducirá a súa produción á subestación do PE AIRAS. Tirando do fío da promotora chegamos ao seu "presidente": "FERGO GALICIA VENTO, S.L." "FERGO GALICIA VENTO, S.L. é tamén a promotora do PE AIRAS! Consultando no actual Mapa REG da Consellería de Industria atopamos na mesma zona o PE FIGUEIRAS, tamén sen subestación propia (comparte co PE AIRAS). Este PE FIGUEIRAS, promovido tamén por FERGO GALICIA VENTO, S.L., foi publicado no DOG do 29/09/2017, hai catro anos!, cunha configuración de 5 aeroxeradores Gamesa de 150m de poste e 150m de diámetro. Pero no actual Mapa REG figura con aeroxeradores de 148m de poste e 163m de diámetro, sospeitosamente idénticos aos descritos para o PE CANEDO, así que podemos supoñer que non son "Gamesa" senón "Nordex". Serán, segundo a Xunta, cambios deses "NON SUBSTANCIAIS". Todas estas "coincidencias" pasaron desapercibidas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais que, segundo a "Guía Divulgativa FASES DE TRAMITACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS EN GALICIA", é o departamento encargado de recibir os proxectos e admitilos ou non a trámite. "PAULA URÍA, (Ferrol, 1975), que leva sete meses como directora xeral..." (LVG, 20/10/2021), que compartía protagonismo co conselleiro FRANCISCO CONDE na "exclusiva" publicada, como non, por "LA VOZ DE GALICIA" o pasado mércores 20 aseguraba "...que os proxectos pasan moitos filtros antes de ser autorizados" Pois un dos "filtros" citados, señora directora xeral, na "Guía Divulgativa..." para a admisión dun proxecto eólico é a verificación de que NON EXISTA SOLAPAMENTO CON OUTROS PARQUES EÓLICOS. Promovidos pola mesma Mercantil FERGO GALICIA VENTO na mesma zona, compartindo subestación e superpoñendo as súas poligonais... E non se deron conta deste NOVO CASO DE FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE! Xulgade vós mesmas!</p>
<p>19/10/21 DOG</p>	<p>- PE BRETOÑA (A Pastoriza, Riotorto e Mondoñedo)</p>	<p>PE. BRETOÑA (A Pasoriza, Riotorto e Mondoñedo) Un único aeroxerador de 3MW Poste 82m diámetro 136m (pas 66,5m) Altura total 150m Comparte subestación (estruturas fundamentais) co P.E. Carracedo. Seguimos con irregularidades!</p>

<p>14/10/21 BOE</p>	<p>- PE FONTE BARREIROS - PE RULIÑA (A Mariña oriental)</p>	<p>- P.E. FONTE BARREIROS, de 96 MW (16 aerox x 6 MW), https://boe.es/boe/dias/2021/10/14/pdfs/BOE-B-2021-41940.pdf e - P.E. RULIÑA, de 65 MW (13 aerox x 5 MW) https://boe.es/boe/dias/2021/10/14/pdfs/BOE-B-2021-41941.pdf Coñecemos, polos datos do "vello" Mapa do Rexistro Eólico de Galicia (REG) da Xunta de Galicia, que a Mariña Oriental era tamén "zona agraciada" pola desbordante riqueza eólica. Aquel conxunto de 78 aeroxeradores fraudulentamente repartidos en 10 parques eólicos levounos a editar, no seu momento, un cartón para o "BINGO EÓLICO fragmentario a beneficio da EGA". No recente cambio no Mapa do REG do pasado xoves, 30 de setembro, destaca o cambio de posición dun dos aeroxeradores do P.E. BARREIROS IV Á vista das abraiadas vantaxes económico-laborais que tal "densidade eólica" aportará á poboación residente recomendamos a todas aquelas persoas propietarias de segundas vivendas na zona que consideren seriamente a conveniencia de empadroarse en Barreiros ou Ribadeo. Ter "casa fumada" a maior parte do ano na parroquia é requisito para facerse comuneiro/-a do monte e, a partir de aí... Haberá chuvia de euros! Haberá que andar a paladas cos billetes!</p>
<p>11/10/21 DOG</p>	<p>- PE VENTUMELO (Terras de Trives)</p>	<p>CONTINUAMOS PARA TRÍO. Imos completando o "Repóker Mascaró" HOXE NO DOG: P.E. VENTUMELO O pasado 8 de setembro tiñamos "Treboada". Será por cousa do outono que ven agora o "Ventumelo". Seguirán o "Neboada" e probablemente antes do inverno xa teremos "Orballeira" e "Xeada". Nunha primeira comparación entre a documentación publicada o pasado 1 de febreiro na web da CMATV e a publicada hoxe no DOG destaca: - Mantense a Poligonal. - Mantéñense as coordenadas (ubicacións) e características dos aeroxeradores 1-11 pero modifícanse as do número 12. - Modifícanse as coordenadas (ubicación) da Subestación. - Mantéñense as coordenadas das DÚAS torres meteo. Atención aos prazos! A Lei de Depredación xa os reducira a UN MES pero a recente Lei de Aceleración reduciunos aínda á metade: PRAZO PARA ALEGACIÓNS: 15 DÍAS!</p>
<p>05/10/21 DOG</p>	<p>- PE PARAÑO OESTE (Forcarei e Beariz)</p>	<p>P.E. PARAÑO OESTE Pero... Son 14 ou 17 aeroxeradores? Comparte estruturas co P.E. Cando? Tramitación de urxencia? (Consello da Xunta 17/06/2021) HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>

<p>01/10/21 Mapa REG</p>	<p>- REXISTRO EÓLICO DE GALICIA (Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación)</p>	<p>Cambios no Mapa do REXISTRO EÓLICO de Galicia (REG), a media mañá do xoves 30 de setembro, desde a Consellería de Economía da Xunta de Galicia modificouse substancialmente o mapa do Rexistro Eólico de Galicia (REG) (acceso Mapa Rexistro Eólico de Galicia: https://www.arcgis.com/apps/webappviewer/index.html...) Seica a primeira hora aínda funcionaba a versión anterior e a nova actualización apareceu pasado o mediodía, os cambios inclúen modificacións importantes. Revisade ben as vosas zonas!! Na imaxe captura de dito mapa que acompañamos, obsérvase como o azul dos parques existentes vai quedando agochado tras a marea de cores dos parques en tramitación.</p>
<p>30/09/21 Mapa REG</p>	<p>- PE A PARAGUDA (Mapa REG da Consellería de Economía, Empresa e Innovación)</p>	<p>Cambios no Mapa do REXISTRO EÓLICO de Galicia (REG) (Modificacións moi significativas e substanciais) A media mañá de hoxe, xoves 30 de setembro, desde a Consellería de Economía da Xunta de Galicia... modificouse substancialmente o mapa do Rexistro Eólico de Galicia (REG). A primeira hora aínda funcionaba a versión anterior. Esta nova actualización apareceu pasado o mediodía. E non foi un cambio meramente cosmético, non! Contén cambios e modificacións moi substanciais que, na nosa zona supoñen, entre outras, a "aparición sorpresiva" do PARQUE EÓLICO A PARAGUDA, con 8 aeroxeradores, 1 subestación e 1 torre metrolóxica. Lembrades que o sr. conselleiro e vicepresidente segundo, Francisco Conde López, anunciou en Vigo o pasado mes de maio que a empresa adjudicataria renunciaba ao proxecto P.E. GALIÑEIRO? Pero non falou nada de "protexer" o conxunto Galiñeiro-Aloia de futuros proxectos industriais, mineiros, eólicos..., verdade? Que valor ten a palabra do vicepresidente e conselleiro sr. Conde? Que valor ten a palabra do presidente sr. Feijóo? E aínda houbo quen o celebrou! Pois aquí temos o PARQUE EÓLICO A PARAGUDA!</p>
<p>29/09/21 DOG</p>	<p>- PE XESTEIRÓN (Chandrea de Queixa e Montederramo)</p>	<p>BINGO EÓLICO "FRAGMENTARIO": Xa temos aquí, publicado hoxe mesmo no DOG, o P.E. XESTEIRÓN (Chandrea de Queixa e Montederramo) https://www.xunta.gal/.../AnuncioG0596-030921-0001_gl.html 10 Aeroxeradores de 4,5MW. Total 45MW Postes de 120m e diámetro de rotor de 160m (pas de 78,5m) Altura total 200m. Que, xunto co "Repóker Mascaró", completan este cartón. HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>

29/09/21	- PE CRECENTE (A Caniza e Crecente)	<p>Parque eólico CRECENTE: Novo exemplo de "Fragmentación fraudulenta" E aínda teñen a desfachatez de anunciar que a subestación deste parque, denominada "Crecente"... "se dimensionará para que sea ampliable en previsión del desarrollo de futuros parques en la zona" Anuncio explícito de estructuras compartidas (comúns) por varios parques diferentes pero que serán avaliados ambientalmente de forma individual y separada. Pódese decir máis claro "FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTO DE MEGAPARQUES EN PEZAS MÁIS PEQUENAS"? 9 aerogeradores de 6MW. Postes de 115m e 170m de diámetro de rotor. (pas de 83m). HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>
08/09/21 DOG	- PE TREBOADA (C. Caldelas, Ch. de Queixa, P. Trives e S.X. de Río)	<p>Alerta por "TREBOADA" (Logo virán NEBOADA, VENTUMELO, ORBALLEIRA e XEADA...) Este P.E. TREBOADA fai parte dun "trío" que na mesma zona completan o P.E. NEBOADA e o P.E. VENTUMELO. Pero este "trío" pasa á categoría de "repóker" cos P.E. ORBALLEIRA e P.E. XEADA. Estes cinco P.E.,s son promovidos por cinco empresas pretendidamente diferentes pero constituídas no mesmo día no mesmo Rexistro Mercantil de Palma de Mallorca. Todas estas empresas, co mesmo "domicilio fiscal" e "creadas para la ocasión" cun capital social de 3.000€ (tres mil euros!) cada unha, están dirixidas, presididas e participadas polo "Clan Mascaró". Se isto non é auténtica "fragmentación fraudulenta" dun gran polígono industrial eólico de 250MW en cinco pezas pretendidamente independentes de 50MW cada unha... Se non o é parécese lle moito! Isto é auténtica "Mafia" e corrupción promovida, alentada, coñecida e disimulada pola Xunta de Galicia a través do seu presidente e das súas consellerías de Industria e de Medio Ambiente. Existe ampla e detallada información que demostra todo isto. Onde está a Fiscalía que non se move? HAI QUE PARALOS! HAI QUE BOTALOS!</p>



Galicia, 10 de marzo de 2022